

RESOLUCIÓN do 21 de maio de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir 109 postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde de 22 de marzo de 2018, pola que se dá publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 21 de maio de 2018, o tribunal nomeado pola Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm 65, do 4 de abril), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de 109 postos de auxiliares de policía local e a creación da lista de reserva de contratación para o ano 2018, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Que para a realización da proba selectiva recollida na base 6.2, punto C (proba de coñecementos), que se levará a cabo o sábado día 26 de maio nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), as persoas aspirantes comparecerán provistas do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal identificativo que o substitúa, lapis do núm. 2 e goma de borrar.

Segundo.- Que o chamamento das persoas aspirantes dará comezo as 10:30 horas. Unha vez iniciado o exame non se permitirá o acceso a ningún aspirante. Tal como se establece na base 6.3.2. da convocatoria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra “G”, dacordo co establecido na Resolución do 17 de xaneiro de 2018, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro).

Terceiro.- Que, por razóns de seguridade, non se permitirá o acceso ao interior das instalacións da AGASP aos acompañantes das persoas que se van examinar, ata o remate do chamamento. Unha vez comece o exame permitiráselles o acceso á zona de cafetería.

Cuarto.- En relación coa proba selectiva recollida na base 6.2, punto D, sobre a avaliación de coñecemento da lingua galega, para aquelas persoas aspirantes que superen

o exame de coñecementos e non teñan acreditato o nivel CELGA 3, celebrarase o mércores 30 de maio nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública, ás 10:00 horas.

A Estrada, 21 de maio de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal